



# editorial

**D**espois dalgún tempo volve saí-lo **saudiña**, xusto cando xa houbo material abondo para confeccionalo; noticias recibidas dos centros para volver a eles, no escaparate da acción educativa saudable que representa este periódico. Seguro que hai moita máis actividade, pero as páxinas que tés nas mans recollen aquelas experiencias que chegaron ata a nosa redacción.

Hai tamén noticias da marcha do programa de educación para a saúde na escola, onde se segue a traballar nos seus catro eixes de acción e desenvolvemento. No que fai referencia á formación do profesorado, avánzase no camiño da mellora e sistematización das ofertas formativas, así como na organización dunha rede de referentes que dean apoio continuado ó profesorado dos centros, no proceso de planificación e execución de intervencións educativas de carácter transversal, orientadas á saúde e potenciadoras das demais vertentes da transversalidade.

Precisamente, á clarificación conceptual e á práctica da planificación e execución deste tipo de intervencións educativas han de estar dedicadas as **III xornadas de educación para a saúde**, que actualmente organiza unha ampla comisión. Están organizadas e patrocinadas, como en anteriores edicións, polas Consellerías de Educación e de Sanidade, e terán como sede a cidade de Lugo, nos vindeiros días 9, 10 e 11 de maio.

Mesas redondas, conferencias, obradoiros, exposición de experiencias e materiais e un panel de expertos, servirán de canle ó debate dun foro de cento vinte profesionais do ensino e da saúde que queremos profundizar na conceptualización da educación para a saúde, como parte da mestura integral que representa a transversalidade do currículo.

Tanto no pasado curso escolar como no presente, seguironse desenvolvendo actividades formativas en tódolos CEFOCOPs, cunha importante demanda de participación por parte do profesorado, e apoiáronse máis de trinta e cinco proxectos de traballo a través das distintas convocatorias da Consellería de Educación.

No terreo da produción de materiais didácticos, o pasado curso 94-95, cento e moitos centros, espallados por toda a comunidade, utilizaban e avaliaban os catro tomos de propostas didácticas producidos e dedicados á prevención do consumo indebido de drogas, especialmente no manexo do tabaco e do alcohol. Estanse a preparar edicións de novos materiais que continúen o crecemento da nosa **Guía: A experiencia de educar para a saúde na escola**, e abordáronse xa melloras no tomo IV -dedicado á prevención da SIDA-, así como nos xa mencionados sobre a prevención do

consumo indebido de drogas.

No capítulo organizativo mantense o financiamento global do programa a través do Convenio de colaboración entre as Consellerías de Educación e de Sanidade para o impulso efectivo da educación para a saúde na nosa escola, e están pendentes de aprobación as novas propostas encamiñadas a fortalece-la estrutura organizativa do programa a través dos CEFOCOPs. Cinco dos nosos centros educativos participan na Rede Europea de Escolas Promotoras de Saúde, recentemente creada pola Unión Europea.

En resumen, a impresión xeral que razoablemente se ten, cando se bota unha ollada retrospectiva, pasado xa o ecuador da actual fase experimental do programa de educación para a saúde na escola, semella movemento e avance, aínda que se fai preciso un axuste minucioso do senso de tal experiencia e progresión, reflexionando sobre ela e facéndoa afondar cara o sótano integral da transversalidade, para potenciar coherente e acompasadamente tódolos aspectos ou vertentes da mesma. As **"educacións para"** non son compartimentos estancos, son a placa continua necesaria para construí-lo coñecemento e a educación.

**saudiña** quere pedirvos, unha vez máis, a vosa participación na elaboración do periódico. É moi sinxelo: experiencia saudable no centro, un profesor ou profesora que redacte, unhas fotografías, todo isto metido nun sobre enviáse ó periódico..., e tódolos centros de Galicia terán noticias saudables de vós. **¡Que teñamos un productivo ano!**

## sumario

2 Cinco centros galegos na REEPS

3 Renóvase o material didáctico de prevención da infección VIH/SIDA

4 109 centros educativos participaron no programa de prevención de drogas na escola

5 Estilos de vida: A hixiene

6 Televisión e consumo

7 Prevención da SIDA no medio escolar: Colexio "O Mosteirón"

8 Experiencias didácticas con materiais para a prevención do consumo de drogas

9 Hacer (un poco más) fácil lo difícil, o cómo promover la educación para la salud en la escuela

10 Intervención educativa y SIDA

15 A importancia da flexibilidade na etapa primaria como factor reductor do risco de lesións



## saudiña

Nº3 MARZO 1996

Periódico de Educación  
para a Saúde na Escola

Tiraxe: 15.000 exemplares

### Edita

Xunta de Galicia.  
Consellería de Sanidade e Servizos  
Sociais.  
Dirección Xeral de Saúde Pública.  
Consellería de Educación e  
Ordenación Universitaria.  
Dirección Xeral de Ordenación  
Educativa e Centros.

### Consello de redacción

José Luis Aboal Viñas  
Manuel Amigo Quintana  
José Manuel Cotelo Amado  
Luis Framil Álvarez  
Julia González-Zaera Barreal  
Beatriz González Dorrego

### Dirección

Avda. Camiño Francés, 10 baixo  
15771 Santiago de Compostela

### Colaboran neste número

Amando Vega  
Pere Font  
Jesús Morán  
Carlos Revuelta  
Raquel Parra  
David Méndez Seco  
Celsa Vázquez  
Mª Pilar Otero  
Carmen Rodríguez  
Ana Gómez  
Ángeles Ricart  
María Luisa Rodríguez  
Mª Dolores Pena  
Oliva Rodríguez  
Marisol Rodríguez  
Amparo Quiroga  
Narcisca Hernández  
Amparo Folla  
Mª Teresa Carreira  
Begoña Rodríguez  
Eva Deus  
Ana Fernández  
Isabel González  
Belén Iglesias  
Ángeles Lesta  
Carmen Peña  
Isabel Pérez  
Mª Carmén Roldán  
Emilio R. Varela Rivera

### Deseño, maquetación e coordinación de impresión

Lúdica 7

### Depósito Legal

C-1631/93

A editorial non se fai responsable das  
opinións vertidas polos seus colaboradores.

# Cinco centros educativos galegos incorpóranse á Rede Europea de Escolas Promotoras de Saúde

**N**o número anterior de **saudiña** xa informabamos da incorporación de cinco centros de ensino non universitario de Galicia á **Rede Europea de Escolas Promotoras de Saúde (REEPS)**. Esta incorporación fíxose efectiva no pasado mes de xuño, cando se lles comunicou oficialmente a aprobación dos proxectos que tiñan presentado.

Durante os días 28, 29 e 30 de setembro tivo lugar o primeiro encontro de tódolos representantes españois na REEPS, no marco das **Primeiras Xornadas da Rede Europea de Escolas Promotoras de Saúde en España**. Nestas xornadas, celebradas en Granada, participaron tamén representantes de tódolos países membros da Unión Europea e mesmo doutros países que están a negociar-lo seu ingreso.

Este encontro tiña como obxectivo prioritario dar a coñece-la situación da REEPS en España e nos distintos países integrados na Rede e presenta-lo proxecto de apoio e desenvolvemento da REEPS en España durante os próximos tres anos.

Ó longo dos tres días de reunións, nas que participaron destacadas personalidades do campo da educación para a saúde -Erio Ziglio, Trefor Williams, Michael Langlais...-, debuxáronse as liñas mestras do que será o futuro da Rede, aínda que o máis productivo, como soe ocorrer neste tipo de encontros, foron os contactos persoais que se estableceron e que nos permitiron a tódolos asistentes comprobar que, con lixeiros matices, todos temos unha problemática similar, empregamos unhas estratexias parecidas e compartimos unha ilusión por mellora-la saúde das nosas escolas, sen a que todo proxecto, por moi ben estruturado e financiado que estea, non podería logra-los obxectivos propostos.

Cando regresamos de Granada, satisfeitos pola experiencia, trouxemos connosco a preocupación por ve-lo apoio que a Unión Europea lle ía prestar ós centros da Rede, xa que cando todos esperabamos algunha axuda -económica, infraestructural...- para o mellor desenvolvemento dos nosos proxectos, quedámonos só coa promesa de dispoñer dun instrumento de comunicación -revista- entre tódolos centros da Rede e de realizar futuros encontros nos próximos anos.

Algún tempo despois, e unha vez que as ideas *pousaron*, reunímonos as once persoas que representamos a Galicia nestas xornadas -coordinadores dos proxectos nos centros, representantes dos CEFOCOPs e representa-

tes da Administración, para facer unha valoración e establecer liñas de avance. Como conclusións desta reunión, que poidan ser de interese para os lectores de **saudiña**, destaca-la necesidade de difusión da Rede e dos centros que nela están integrados, utilización dos recursos dos que dispón o **Programa de Educación para a Saúde** -materiais didácticos, axudas económicas a seminarios permanentes, grupos de traballo, proxectos de formación en centros...-, e establecemento de contactos cos Centros de Saúde, Concellos e calquera outra institución que poida colaborar no desenvolvemento dos proxectos educativos promotores de saúde.

Despois de ter escritas estas liñas celebrouse unha xuntanza entre os responsables da REEPS do MEC e das Comunidades Autónomas, na que se nos comunicou que este ano non se ía face-la convocatoria para incorporar novos centros á Rede, debido a que parece máis oportuno consolida-la participación dos centros que xa se incorporaron -77 en toda España- antes de continuar coa ampliación. ¡Ah!, xa me esquecía, vislúbrase tamén a posibilidade de que, no último trimestre do presente ano, os centros que están integrados na REEPS reciban unha pequena axuda económica-por parte la Unión Europea- para o desenvolvemento dos proxectos. ☺

## SE ALGUÉN DESEXA CONTACTAR COS CENTROS INTEGRADOS NA REEPS, ESTAS SON AS D

Nome do centro	Dirección
CP "Emilia Pardo Bazán"	r/ Travesía dos R 15011 A Coruña ☎ (981) 276781
IB de Cambre	r/ Os Campóns, 15181 Cambre (C) ☎ (981) 676318
CP "Froebel"	r/ Martitegui, 3 36002 Pontevedra ☎ (986) 840671
IB "Lucus Augusti"	Avda. Rodríguez M 27002 Lugo ☎ (982) 220968
CP "Bergantiños"	r/ Carballo Caler 15100 Carballo (C) ☎ (981) 701003



## LUGO ACOLLERÁ AS III XORNADAS DE EDUCACIÓN PARA A SAÚDE NO ENSINO

**D**ende o mes de maio de 1994, en que se celebraron na Toxa as *II xornadas de educación para a saúde no ensino*, foron moitas as novidades que se produciron no campo da educación para a saúde, iniciouse a nosa participación na Rede Europea de Escolas Promotoras de Saúde, editáronse novos materiais didácticos, realizáronse distintas actividades de formación e, o que aínda é máis importante, moitos grupos de docentes e sociosanitarios iniciaron a súa andadura nesta tarefa común que nos ocupa, a promoción da saúde. Parece, pois, oportuno que todas aquelas persoas que veñen traballando para mellora-la saúde da comunidade se reúnan para intercambia-las súas experiencias e debater sobre o futuro da educación para a saúde.

Así, durante os días 9, 10 e 11 de maio celebraranse en Lugo as *III xornadas de educación para a saúde*. Nestes momentos estase a traballar sobre a planificación das mesmas, polo que non temos rematado aínda o programa, só anticiparvos que, como é costume, serán unhas xornadas pechadas ás que asistirán aqueles profesionais que estean a traballar en temas de saúde, e nas que haberá relatorios, obradoiros e intercambio de experiencias. ☺

## Co apoio da Unión Europea, renováronse os materiais didácticos do programa de prevención da infección por VIH/SIDA na Comunidade Escolar.



**E**n Mondáriz Balneario, no pasado outono, un grupo de profesionais do ensino e da saúde, de Portugal e de Galicia, comenzaban os traballos de revisión e mellora dos materiais didácticos que dan apoio ó programa de prevención e control da infección por VIH/SIDA na comunidade educativa. O proxecto conta co apoio da Comisión Europea e desenvolveuse simultánea e cooperativamente en Galicia e na Rexión Norte de Portugal.

Trala avaliación da utilidade e validez dos materiais para o profesorado, para o alumnado e para a comunidade educativa en xeral contidos no Tomo IV da Guía: "A experiencia de educar para a saúde na escola", amplamente utilizados durante os últimos cursos escolares, concluíuse que a pesar da validez e eficacia para aportar información e coñecementos sobre a enfermidade, éstas eran escasas, tanto desde o punto de vista do traballo de actitudes positivas ante esta infección, como da discusión e exercicio de prácticas preventivas efectivas, exentas de risco de transmisión.

Co obxectivo de superar estas deficien-

cias, o grupo de traballo decidía engadir instrumentos de introdución e normalización do tema na aula, e de adaptación da intervención educativa ós intereses, preocupacións, temores e actitudes previas do alumnado concreto con quen se traballe. Ademais, deseñáronse novas actividades destinadas a facilitar comportamentos nas aulas, de acordo cos valores da solidariedade, a tolerancia e o respecto.

O proxecto europeo prevé, asemade, a realización dun apretado programa de sesións de entramento na utilización dos novos materiais, que ó longo da xeografía galega e norteportuguesa, terán lugar nos meses de febreiro e marzo. A elas acudirán os máis de 200 profesores e profesoras pertencentes ós 300 centros de educación secundaria interesados na integración curricular de contidos preventivos da infección por VIH.

Pódese concluir que os materiais de apoio quedaron netamente enriquecidos e mellorados trala revisión realizada, e son agora as comunidades educativas as que teñen a palabra e a acción: ensinar e aprender a previla infección por VIH. ☺

### PROFESIONAIS DA NOSA COMUNIDADE QUE ESTÁN PARTICIPANDO NAS XORNADAS:

	Coordinador/a
Profesora, s/n	Amalia Villanueva Paredes
Profesora, s/n (A Coruña)	Ángeles Burgos González
Profesora, s/n	María Teresa Couto Nogueira
Profesor, s/n	José Méndez Seijas
Profesora, s/n (A Coruña)	Josefina Rey Baldomir



## Prevenção do consumo de drogas na escola

# No curso 94-95 participaron 109 centros educativos

Jesús Morán

PLAN AUTONÓMICO SOBRE DROGODEPENDENCIAS

Un total de 109 centros educativos participaron na implantación do Programa de Prevención do Consumo de Drogas na Escola durante o curso 1994-95, froito da colaboración institucional entre as Consellerías de Sanidade e Servicios Sociais e de Educación e Ordenación Universitaria para o desenvolvemento do Programa de Educación para a Saúde na Escola.

Os materiais didácticos constitúen un instrumento de apoio ó profesor á hora de introduci-la temática do consumo de drogas no currículo educativo, seguindo as liñas xerais da LOXSE sobre contidos transversais. Tra-lo proceso de elaboración dos materiais, precisouse dun período de implantación progresiva susceptible de avaliación tanto no seu proceso como nos resultados.

Neste senso, a través dos Equipos de Prevención e Reinserción Social da rede do Plan Autonómico sobre Drogodependencias, procedeuse á selección de 140 centros educativos nos que inicia-lo proceso de implantación. Aínda que foron contactados e presentado o material didáctico en todos eles, ó final participaron activamente 109 (78%): 25 infantís (23%), 56 de primaria (51%), 14 de ESO-BUP (13%), 7 de ensinanza postobrigatoria (6%), 6 de FP (6%) e 1 de adultos (1%).

Por provincias, 15 localidades adscritas ó programa pertencen á de A Coruña (Baio,

Camariñas, Carballo, Cee, Fene, Ferrol, Fisterra, Muxía, Noia, O Pindo, Pobra, Pontevedra, Ribeira, Santiago, Sofán), 5 á de Lugo (Burela, Ribadeo, Sarria, Vilalba e Viveiro), 3 á de Ourense (O Barco, Carballiño, Verín) e 15 á de Pontevedra (A Guardia, Baiona, Barrantes, Cambados, Marín, Pontevedra, Portonovo, Sabarís, Sanxenxo, Tomiño, Tui, Vigo, Vilagarcía, Vilalonga e Vilaríño).

O 30 de xuño remataba o período previsto para o inicio de contactos coas escolas para a implantación progresiva dos materiais didácticos. A avaliación do proceso baséase en dous pilares: cuestionarios para o profesorado e informes dos equipos de prevención e reinserción social.

No momento da presentación do material didáctico, entregábase ó profesorado un sinxelo cuestionario con sete ítems pechados e un aberto ás observacións que os mestres consideraran oportunas, cunha escala gradual entre 1 e 7 puntos para cada liña. Posteriormente, para unha mellor adecuación ás puntuacións normalizadas, relativizouse esa escala a 10 puntos.

As preguntas centráronse na valoración do material segundo a quen se dirixe, a súa mensaxe, os seus contidos, a súa dimensión didáctica, o impacto, a estética, o carácter das actividades e outras cuestións. En total, os profesionais da ensinanza cumprimentaron 593 cuestionarios, dos que se valoraron 397 por ter debidamente cubertos

tódolos datos referidos ó nivel educativo. Destes últimos, 40 (10%) corresponden a mestres de infantil, 276 (69,6%) a mestres de primaria, 52 (13,1%) a ensinantes de ESO, 13 (3,3%) a profesionais de Ensinanza Postobrigatoria, 15 (4%) a educadores de FP e 1 a mestres de adultos.

Os ensinantes cualificaron cunha media de 7,5 o material didáctico. A puntuación máis alta foi a outorgada polo profesorado de ensinanza postobrigatoria (3º de BUP e COU), seguida moi preto polo de infantil (7,9). Neste senso, cabe subliñar que as diferencias entre as puntuacións medias de cada etapa non son moi grandes, agás as dos profesores de FP (6,4), significativamente máis baixas que as dos demais.

### ITEMS

Por ítems, a valoración foi a seguinte: moi axeitado para os destinatarios, 7,9 puntos; mensaxe que se transmite moi axeitada, 7,9 puntos; contidos moi axeitados, 7,8 puntos; a metodoloxía que os acompaña é bastante axeitada, 7,4 puntos; o impacto que produce, suficientemente alto, 6,5; altamente atractivo, 7,6; e actividades bastante estimuladoras, 7,4. O Plan Autonómico sobre Drogodependencias, que agarda que este programa se xeneralice ó maior número posible de centros educativos, estima un período inicial de tres anos para valorar melloras na información, modificacións de actitudes e cambios de comportamento. <sup>13</sup>





## Educación para a saúde en educación infantil e primaria

# Estilos de Vida: A HIXIENE

**N**o Colexio Público de Taboada constituíuse, o curso pasado 94/95, un seminario de traballo que, baixo o título de "Educación para a Saúde", xuntou a un grupo de docentes que nos sentiamos interesados polo tema da saúde e que pretendiamos elaborar materiais axeitados ó noso contorno e aplicables á aula. Deste xeito formamos un grupo de traballo que no presente curso 95/96 continúa funcionando e que se plantexou dende un principio contribuir, dentro da medida das nosas posibilidades, a mellora-la calidade de vida dos nosos alumnos e alumnas a través de programas e actividades relacionadas coa saúde. Dun xeito xenérico, propuxémonos tratar de conseguir os seguintes obxectivos:

1. Crear hábitos e estilos de vida saudables.
2. Desenvolver hábitos persoais axeitados en torno á saúde.
3. Crear contornos favorables á saúde.
4. Desenvolve-la Educación para a Saúde como parte esencial da educación para a vida.
5. Elaborar materiais curriculares para aplicar na aula.
6. Facilita-la inclusión dos contidos transversais nas adaptacións curriculares.

En función destes obxectivos, propuxémonos elaborar distintas unidades didácticas que nos axudaran a paliar algunhas deficiencias que, en torno á saúde, puidemos constatar no contorno escolar. Estas unidades didácticas foron as seguintes:

- Froitas.
- Leite e derivados.
- Carne e peixe.
- Hixiene.
- Xogos e xoguetes.
- Accidentes Infantís.

No presente curso 95/96, e seguindo a mesma liña de traballo, pretendemos elaborar outras unidades que complementen as realizadas o ano pasado. As unidades que queremos realizar son as seguintes:

- Televisión e consumo.
- Lambetadas.
- Bebidas.
- Coidado do contorno escolar.
- Coidado do medio ambiente.



Como mostra do noso traballo imos presentar a continuación a estrutura dunha unidade didáctica, en concreto a de "A Hixiene".

### UNIDADE DIDÁCTICA: A HIXIENE

A unidade que presentamos a continuación xurde como consecuencia da preocupación dos membros do grupo de traballo polo desenvolvemento de hábitos hixiénicos axeitados entre os nosos alumnos e alumnas. Deste xeito, fixemos unha pequena enquisa entre o alumnado para constata-los seus costumes en torno ó tema da hixiene. En concreto, tentamos coñece-la forma de conducirse dos alumnos e das alumnas en canto á hixiene persoal e á hixiene á hora de alimentarse.

#### Os resultados máis significativos da enquisa foron os seguintes:

##### Hixiene á hora de alimentarse

- Tódolos nenos e nenas empregan culler, garfo e servilleta.
- Tódolos alumnos e alumnas beben polo seu propio vaso e non lles gusta compartilo.
- A maioría non lava as mans antes de comer.
- Cando están merendando non soen xogar con animais.
- Os nenos e nenas máis pequenos collen ás veces a comida do chan. Os grandes non o fan.

##### Hixiene persoal

- Á maioría dos nenos e das nenas gústalle máis bañarse que ducharse e fano unha vez por semana.
- Moitos alumnos e alumnas non teñen o costume de corta-las unhas con frecuencia.
- A maioría non lava os dentes despois de comer.
- Case tódolos nenos e nenas lavan a cabeza unha ou dúas veces cada semana.

Pareceunos oportuno orienta-la unidade didáctica en función dos elementos anteriores, tentando facer unha contribución á resolución das deficiencias observadas a través da realización das actividades tanto individuais como grupais.

En concreto, os contidos traballados na unidade foron os seguintes:

1. Hábitos e destrezas referidos ó coidado do corpo.
  - Lavado diario do corpo.
  - Lavado frecuente do pelo.
  - Lavado dos dentes despois de todas as comidas.
  - Cortado frecuente das unhas.
  - Limpeza axeitada ó ir ó servizo.
2. Hábitos e destrezas referidas á hixiene á hora de comer.
  - Lava-las mans antes de comer.
  - Cubrirese a boca ó estornudar.
  - Colle-los pratos por fóra e non mete-los dedo neles.
  - Colle-los garfos polo mango.
  - Non toca-los alimentos coas mans.
  - Limpase sempre á servilleta.
3. Hábitos e destrezas referidas ó coidado do vestido.
  - Boa colocación e limpeza xeral das prendas de vestir e do calzado.
4. Aspectos que compoñen o aseo persoal.
  - Baño.
  - Limpeza dos dentes.
  - Limpeza das mans e da cara.
  - Coidado da roupa e do calzado.
5. Obxectos comúns de aseo.
  - Cepillo dos dentes, do pelo e da roupa.
  - Toalla.
  - Peite.
  - Esponxa e xabón.
6. Gusto polos contornos limpos.
  - Limpeza xeral da clase.
  - Limpeza xeral do contorno escolar.

Para traballar todos estes conceptos, puxemos en práctica diversas actividades referidas ás diferentes áreas: matemáticas, lingua, medio físico e social, música e plástica. Ademais realizamos cos alumnos e alumnas actividades de gran grupo referentes á limpeza dos dentes, mantemento da boa presentación persoal e normas básicas á hora de alimentarse.

Finalmente, realizamos unha avaliación. Se algún desexa coñecer en maior profundidade a unidade didáctica, pode poñerse en contacto co grupo de traballo na seguinte dirección ou teléfono:

Seminario Permanente de Educación para a Saúde  
Colexio Público Sto. Tomé do Carballo

Flora Cultural S/N.

27550 Taboada

Tel.(982) 465479 (preguntar por David).

David Méndez Seco  
Celsa Vázquez Vázquez  
M<sup>o</sup> Pilar Otero Moure  
Carmen Rodríguez Cardelle  
Ana Gómez Rodríguez  
Ángeles Ricart Vázquez  
María Luísa Rodríguez Díaz  
M<sup>o</sup> Dolores Pena García



## Educar para a saúde en educación infantil e primaria

# TELEVISIÓN E CONSUMO

O **Seminario Permanente de Educación para a Saúde de Taboada** continúa traballando na procura de conseguir que os nosos alumnos e alumnas adopten hábitos e estilos de vida saudables. Nesta liña, o grupo, nas súas frecuentes reunións de traballo, estaba de acordo na necesidade de incidir no tema do consumo televisivo, xa que nos parecía que era un elemento que continuamente facía acto de presenza no desenvolvemento diario das nosas actividades. A televisión marcaba e dirixía o consumo dos nenos e das nenas en multitude de campos e facíase necesario, dende o noso punto de vista,

aborda-lo tema.

Deste xeito puxémonos a elaborar unha unidade didáctica que, coñecendo as particularidades dos nosos alumnos e alumnas, tentase paliar os efectos da masiva propaganda televisiva e lles ofrecese ós nenos e ás nenas pautas de comportamento menos consumistas e actividades alternativas á de ve-la televisión. A continuación presentamos en liñas xerais a unidade didáctica elaborada, unidade que foi aplicada na aula especialmente no período anterior ó Nadal, xa que puidemos constatar que nesa época a propaganda televisiva alcanza o seu máis alto nivel.

## UNIDADE DIDÁCTICA TELEVISIÓN E CONSUMO

Todos sabemos que a televisión fomenta o consumo infantil a través da publicidade, e nós pensamos que a escola pode mitigar algúns aspectos dese masivo bombardeo publicitario dirixido ós nenos e ás nenas, procurando que non adopten hábitos de consumo descontrolado.

Para cumprir este obxectivo necesitábase coñecer, en primeiro lugar, os obxectos que máis lles gustaban ós nenos e ás nenas de entre aqueles que anuncia a televisión e, por outra banda, identificar aqueles produtos que con máis asiduidade anuncia a televisión, para poder saber se a publicidade televisiva tiña unha influencia real e directa sobre os gustos do alumnado. Os resultados de ámbolos estudos foron os seguintes:

que máis lles gustan son os coches e as bonecas.


publicidade tv	<b>Os produtos máis anunciados foron os seguintes:</b>
	<b>Bonecas:29%.</b>
	<b>Coches:15%.</b>
	<b>Xogos:15%.</b>
	<b>Lambetadas:14%.</b>
	<b>Allimentación:13%.</b>
	<b>Construcións:8%.</b>
<b>Películas de vídeo:6%.</b>	

A identificación neste apartado realizouse mediante un estudo dos anuncios que no horario infantil eran emitidos pola televisión nas cadeas públicas e privadas. O estudo foi realizado na semana do 5 ó 12 de Novembro de 1995 e fíxose nas tres bandas horarias nas que a televisión emite programas dedicados á infancia: á hora do almorzo, á hora da comida e pola tarde, cando os nenos chegan da escola.

A confrontación dos resultados trouxo como consecuencia que as **maiores preferencias dos nenos (bonecas e coches) coincidían cos obxectos máis anunciados pola televisión.**

En función do anterior plantexamos as actividades das unidades tendo en conta tres ideas fundamentais:


- 1) Tentar concienciar ós nenos e ás nenas de que existen actividades alternativas á de ve-la televisión, presentando este tipo de actividades de xeito lúdico e gráfico.
- 2) Presentar ó alumnado a idea de que existen outro tipo de produtos iguais ós que anuncia a televisión, tanto no referente ás características como ás posibilidades de aproveitamento.
- 3) Ofrecer ós nenos e ás nenas a posibilidade de elaboralos obxectos por si mesmos, para que poidan suplir ós que anuncia a televisión.



A partir de aquí puxémonos a elaborar unha unidade didáctica, da que pola súa extensión só reflectimos algúns apartados e que resultou coa seguinte estrutura:

- 1) Enquisa e resultados (xa presentada).
- 2) Obxectivos.
- 3) Contidos: conceptos, procedementos e actitudes.
- 4) Actividades: matemáticas, lingua, medio físico e social, música e plástica.
- 5) Avaliación.

Só nos queda animar a calquera persoa que estea interesada en coñecer en maior profundidade o traballo, se dirixa a nós na seguinte dirección ou teléfono:



Seminario Permanente de Educación para a Saúde  
Colexio Público Sto. Tomé do Carballo  
Flora Cultural S/N.  
**27550 Taboada**  
Tel.(982) 465479 (preguntar por David).

David Méndez Seco  
Celsa Vázquez Vázquez  
María Pilar Otero Moure  
Carmen Rodríguez Cardelle  
Ana Gómez Rodríguez  
Oliva Rodríguez Carballo

**Os gustos dos nenos foron coñecidos a través da realización dunha enquisa que contiña as seguintes preguntas:**

**1) Que che gusta máis, xogar ou ve-la televisión?**

**2) ¿Ves tódolos días a televisión?**

**3) ¿Cando ve-la televisión? (á mañá, ó mediodía, á tarde).**

**4) ¿Que tipo de programas che gusta máis? (debuxos, películas, concursos, anuncios).**

**5) ¿Que anuncios che gustan máis? (xoguetes, lambetadas, outros).**

**6) ¿Que produtos dos que anuncia a televisión che gustan máis? (bonecas, coches, construcións, bicicletas, xogos, lambetadas, outros).**

A presente enquisa deu como resultados, entre outros, os seguintes:

- Os nenos prefiren ve-la televisión que xogar.
- Os alumnos e alumnas soen ve-la televisión tódolos días e en tódolos horarios cando están na casa.
- Os produtos anunciados na televisión



## Prevenção da SIDA no medio escolar

# A experiencia no Colexio "O Mosteirón" favoreceu a reflexión sobre a enfermidade

**D**ende hai un tempo, unha importante porcentaxe de profesionais deste Centro educativo móstrase sensibilizada polo tema da **Educación para a Saúde** en xeral, e a SIDA en particular, pola súa incidencia cada vez maior en tódolos medios socio-culturais.

Por tal motivo, decidiuse recabar información sobre o tema, sendo o "PLAN EDUCATIVO DE PREVENCIÓN DEL SIDA" da Generalitat Valenciana o impulsor desta experiencia. Posteriormente coñecéronse outros programas e, despois dunha valoración dos mesmos, considéranse adecuados; ademais do xa mencionado, os seguintes: "SIDA. SABER AXUDA" da Xunta de Galicia/Caixa Catalana, e "A VIH/SIDA NA COMUNIDADE ESCOLAR: EDUCAR PARA PREVIR" da Xunta de Galicia.

Estableceuse unha estreita coordinación entre tódolos profesionais implicados na experiencia, cos seguintes fins:

- ✓ Posta en común sobre os coñecementos, actitudes e expectativas sobre o tema.
- ✓ Definición de obxectivos.
- ✓ Coordinación e temporalización de actividades nas diferentes áreas.
- ✓ Avaliación de todo o proceso.

A experiencia foi plantexada seguindo a liña educativa establecida pola LOXSE respecto ós contidos transversais.

### Presentación do programa

Con cada grupo fíxose unha sesión introductoria cos seguintes puntos:

- Explicación do Programa.
- Aplicación dun cuestionario anónimo de valoración inicial extraído do Programa "A VIH/SIDA NA COMUNIDADE ESCOLAR: EDUCAR PARA PREVIR". Os resultados obtidos neste cuestionario non son fiables como avaliación inicial debido a que é excesivamente sinxelo e as respostas correctas son tan evidentes que dificilmente se cometen erros.
- Proxección do vídeo do programa mencionado anteriormente e o de "SIDA, SABER AXUDA".
- Despois dun pequeno coloquio ofrecéuse-lles a posibilidade de que expresaran anonimamente tódalas dúbidas que non presentaran oralmente.

### Obxectivos xerais

Tomando como base os obxectivos que a LOXSE sinala para a Educación Secundaria, organizouse a intervención cara á adquisición dos coñecementos, a exercitación das condutas e o desenvolvemento das actitudes

suficientes para afrontar con éxito dous obxectivos fundamentais:

- Exerce-los comportamentos preventivos que eliminan as prácticas de risco.
- Desenvolver actitudes de solidariedade cos afectados.

Despois de ter analizadas as dúbidas plantexadas, fixéronse os obxectivos das diferentes áreas.

### Temporalización

Desenvolveuse durante os meses de marzo, abril e maio de 1995, en 23 sesións distribuídas do seguinte xeito: Ciencias Naturais (6), Lingua Española (6), Lingua Galega (3), Matemáticas (3), Lingua Inglesa (4).

Seguindo esta mesma orde, comezouse por Ciencias e progresivamente foise iniciando nas demais materias ata chegar a aplicarse simultaneamente en todas elas.

### Ámbito de aplicación

O programa aplicouse nos seguintes cursos e áreas: 1º F.P.-1 (11 alumnas): Castelán, Galego, Inglés. 1º B.U.P (dous grupos de 18 alumnas/as cada un): Lingua Española, Lingua Galega, Matemáticas e Ciencias (esta última só nun dos grupos).

Na área de Ciencias abordouse a enfermidade da SIDA despois de estudar os microorganismos no tema "Defensas do organismo e inmunoloxía", salientando aspectos como: inmunidade, enfermidade infecciosa, contaxio, prevención.....

Na área de Lingua integrouse no Bloque II da programación xeral de curso, "Prensa na aula", logo de ter traballado cos xornais. A partir de textos diversos, analizouse a lingua relacionada coa SIDA: acrónimos, derivados e tecnicismos. Así mesmo, feitos e opinións verquidos sobre a doenza na súa triple vertente: social, científica e ético-xurídica.

Na área de Matemáticas incluíuse dentro do tema "Estatística" e os/as alumnos/as realizaron un traballo no que, manexando datos de táboas, tiveron que facer diagramas de sectores, polígonos de frecuencias, cartogramas e cálculos, como taxas e porcentaxes. Como remate do programa contouse coa colaboración do Director da Unidade de Drogodependencia da Coruña que mantivo cos alumnos un coloquio co fin de aclararlles tódalas dúbidas que quedaban sen resolver.

### Valoración

Aplicouse un cuestionario ós alumnos/as

co obxecto de valoralo programa, facer propostas para a súa mellora e coñece-la incidencia do mesmo nos seus coñecementos e actitudes. Este documento é unha adaptación do utilizado no Colexio Carmelitas de Ourense, publicado no número 6 da "Revista Galega do Ensino".

En xeral, o programa serviu para clarear dúbidas á maioría de alumnos/as, ademais de resultarlles interesante e ameno. De feito, os enquisados manifestan a súa valoración positiva. No relativo ás súas propostas de cambio, estas só farían referencia á temporalización, que atopan algo curta.

No tocante á avaliación de contidos, obsérvase que na inmensa maioría dos casos os alumnos e as alumnas recoñecen as prácticas de risco. Isto leva á consecución do obxectivo que fai referencia ós comportamentos preventivos. Sen embargo, cómpre subliñar que nalgúns casos, sempre minoritarios, seguen a existir erros de concepto sobre a seropositividade ou mesmo sobre dúas das vías de transmisión (perinatal e parenteral). A valoración máis positiva respecto ós alumnos e ás alumnas é o feito de que favoreceu a reflexión sobre a enfermidade e a súa dimensión social.

Respecto á temporalización, resultou se-lo momento axeitado do curso pois encaixa perfectamente cos contidos programados na maioría das áreas e, ó ter pasado uns meses desde o comezo do curso, o coñecemento mutuo profesor-alumno facilitou unha maior penetración. Ademais, casualmente, coincidiu coa celebración na Coruña do Congreso Internacional sobre a Sida, potenciando o interese sobre o tema e favorecendo a obtención de información actualizada e materiais de traballo.

Os materiais empregados foron un elemento clave da experiencia: nalgúns casos utilizáronse sen modificacións significativas e noutros serviron como modelo para programar novas actividades. No tocante ós profesionais implicados, o feito de enfocala experiencia como un contido transversal, resultou moi positivo en dous aspectos básicos:

- O enfoque multidisciplinar obrigou a discusións e intercambio de opinións, o que permitiu desterrar tabús e temores moi frecuentes á hora de abordar coa alumnado certos aspectos relacionados coa saúde.
- Posto que se trataba de organizar algúns contidos, xa fixados na programación das diferentes áreas, arredor dun eixe educativo (a SIDA) e non de introducir outros novos, non supuxo unha ampliación da programación. ☐



- Deus García, Eva (Profesora de Matemáticas)  
 Fernández Parratt, Ana (Profesora de Inglés)  
 González Guitián, Isabel (Pedagoga)  
 Iglesias Gómez, Belén (Profesora de Galego)  
 Lesta Ramallo, Ángeles (Profesora de Español)  
 Peña Tresancos, Carmen (Profesora de Ciencias)  
 Pérez Blanco, Isabel (Psicóloga)  
 Roldán Arcay, M<sup>ª</sup> Carmen (Profesora de Matemáticas)



## Experiencias didácticas con materiais para a prevención do consumo de drogas:

# Unha experiencia interdisciplinar

**C**oa presente comunicación inténtase poñer de relevo a importancia da escola como promotora da saúde da comunidade, nun momento no que todos os países do mundo están incorporando a educación para a saúde nos currículos do ensino obrigatorio dentro dun deseño curricular interdisciplinar, utilizando unha metodoloxía activa de

investigación escolar.

O IFP de O Barco foi escollido como centro piloto de ensino secundario, no ámbito comarcal, xunto con outros centros da comunidade autónoma galega, co fin de aplica-los materiais didácticos elaborados polas consellerías de Sanidade e de Educación para a prevención do consumo de drogas.

Estas experiencias parten dunha colaboración estreita entre os seminarios de Educación Física, Ciencias Naturais, Formación Humanística, Lingua Española, Inglés, Lingua Galega e o departamento de PERRUQUERÍA. Dende esta posición fórmase un grupo de traballo para facer un seguimento e unha valoración do uso do material proposto polas Consellerías. O profesorado implicado foi aquel que tivo asignaturas afíns coas actividades programadas, podendo ser integradas sen interferir no normal desenvolvemento do currículo.

Nós, coma outros moitos e moitas ensinantes, no momento de desenvolver-lo que facer cotián da aula, pensamos que a educación para a saúde non está circunscrita a un día, unha campaña ou un tema concreto, senón que é unha actividade continuada que tenta xerar unha reflexión crítica sobre as cuestións relacionadas coa saúde socialmente compartidas, máis que centrada en transmitir coñecementos científicos.

Os obxectivos foron fixados de acordo coa idade dos alumnos e alumnas (quince e dezaioito anos), niveis educativos e etapa evolutiva. A esto engadimos unha serie de factores particulares do contorno, que van influír negativamente no comportamento dos xoves: falla de planificación do tempo libre, illamento rural, cultura vitivinícola, etc.

Neste senso tentamos crear situacións que posibiliten unha aprendizaxe significativa no alumno e na alumna, recollendo as súas motivacións e intereses, potenciando a súa participación, experiencias e descubrimento. Finalmente, tratamos tamén que sexa transferible ás súas actividades cotiás e lles resulte útil para a súa toma de decisións. A maioría destes xoves fan uso de substancias pero aínda non entraron na adicción.

Partimos dos datos recollidos nunha enquisa para facer unha diagnose global do coñecemento inicial do alumnado e dos seus hábitos coa finalidade clara de modificalos, potencialos e/ou divulgarlos.

As propostas didácticas a modo de fichas, promoveron unha mellor comprensión dos problemas causados polas drogas así como dos factores negativos que levan ó seu consumo, xa que optan por unha metodoloxía que parte do vivencial, entendendo sempre que son os alumnos e as alumnas os protagonistas da aprendizaxe, axudados en todo momento polo profesorado.

Dende as distintas áreas tratouse de ofrecer un marco idóneo para o desenvolvemento de actividades relacionadas coa saúde corporal: habilidades de hixiene, alimentación positiva, exercicio; manifestando unha actitude responsable cara ó seu propio corpo e de respecto ós demais; ofreceuse tamén a especialización de determinadas actividades lúdicas como medio para a inserción social e o emprego constructivo de recreo e ocio.

Atendendo á especificidade das materias implicadas nesta experiencia, utilizáronse as seguintes técnicas:

- Escenificación, danza e expresión corporal.
- Escenificación dun xuízo.
- Guións teatrais e dramatización.
- Traballo de investigación: seguimento de novas de prensa, consulta bibliográfica.
- Participación na revista do centro.
- Análise de publicidade encuberta.
- Redacción e realización de cómics.
- Remuíño de ideas.
- Elaboración dun censo de bares.
- Elaboración de gráficas.
- Realización e exposición de murais.
- Proxección de vídeos.
- Traballo específico con cancións.
- Prácticas de laboratorio.
- Debates e mesas redondas.
- Visita a distintos organismos e asociacións.

Con esta metodoloxía activa e participativa o profesorado proporcionoulle ós alumnos e ás alumnas a oportunidade de

reflexionar sobre as rutinas da vida cotiá, favorecendo o pensamento crítico e o debate, facilitando a resolución de problemas e a toma de decisións. Isto supón asumir-lo papel específico que cada un desempeña, e xogalo de maneira planificada e complementaria para configurar, desenvolver e potencia-la saúde individual e colectiva. ☐





**IFP de O Barco**  
Rúa Calabagueiros, s/n  
32300 O Barco de Valdeorras

Mª Sol Rodríguez Rodríguez  
(coordinadora)  
Amparo Quiroga Gayoso  
Narcisca Hernández Santos  
Amparo Folla Gómez  
María Teresa Carreira Lorenzo  
Begoña Rodríguez Muñiz



# Hacer (un poco más) fácil lo difícil o como promover la educación para la salud en la escuela

Pere Font

PSICÓLOGO. ESPECIALISTA EN EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

Artigo xa aparecido no **saudíña** nº2, esquecéndose daquela consigna-lo nome do seu autor, motivo polo que volve a ser editado, corrixido e retocado polo mesmo.

**E**n 1988, el Dr. Hirosho Nakajima, Director General de la Organización mundial de la Salud, se preguntaba, en el marco de la XIII Conferencia Mundial de Educación para la Salud en Houston:

*"A pesar de las pruebas convincentes de su efectividad, ¿por qué tiene tan poca fuerza todavía la educación para la salud en el currículum escolar?"*

Ocho años después, la pregunta mantiene plena vigencia y sigue siendo difícil de responder, tanto desde el sistema educativo como por parte del sistema sanitario. A pesar de ello, es evidente que desde algunas administraciones públicas, así como por parte de determinados sectores profesionales, existe un cierto grado de preocupación e inquietud por el tema: en los últimos años han aparecido diversos y variados programas educativos, publicados en las diferentes lenguas del estado español; se puede disponer de gran cantidad de folletos, carteles, diapositivas, videos, etc., relativos a diversos aspectos de la promoción de la salud; los medios de comunicación han aumentado considerablemente el espacio dedicado a los temas de salud; y se conocen un sinnúmero de experiencias educativas en este campo.

Aún así, la percepción generalizada es que estamos todavía lejos de unos mínimos aceptables y que el conjunto de los programas y de las intervenciones carece de suficiente peso específico. Todo ello, a pesar de que la promoción de la salud, la educación para la salud y la prevención, forman parte cada vez en mayor medida del discurso público educativo, sanitario y social. (Aunque los presupuestos y recursos que se destinan a este tipo de acciones son, en términos generales, ridículos, cuando no destinados a campañas y folletos de más que dudosa eficacia).

¿Por qué entonces esta dificultad de trasladar a la práctica aquello que está (aparentemente) en el ánimo de todos? La explicación más simple -que no las más idónea ni la más justa- tendría que ver, fundamentalmente, con alguno de los siguientes tres puntos (de menor a mayor importancia).

a) **falta de medios, recursos y preparación** por parte del profesorado.

b) **falta de concreción** de los diferentes contenidos de educación para la salud en los programas educativos.

c) **falta de soporte, claro, concreto y decidido**, de las administraciones educativas y sanitarias a los programas de educación para la salud en la escuela.

Si bien es probable que cada uno de los aspectos anteriores puedan tener su incidencia en el grado de educación para la salud que se desarrolla en nuestras escuelas, también es cierto que ninguno de ellos, ni tan siquiera los tres juntos, son lo suficientemente determinantes, porque, en última instancia, a pesar de los tres vacíos citados, existe cada día más una mayor consciencia de la necesidad de educar en salud a las futuras generaciones.

A poco que se indague, se pueden encontrar experiencias puntuales -y en algunos casos ejemplares- en las que profesorado y alumnos han construido su propio material educativo, sencillo pero efectivo, a base de algunas o bastantes horas de trabajo, paciencia e ilusión, supliendo con imaginación la aparente o real falta de medios. O nos podemos encontrar con múltiples trabajos de concreción y adaptación de contenidos de salud -propuestos o no a través de los programas oficiales- en el quehacer cotidiano de una gran cantidad de escuelas, entre muchos otros posibles ejemplos.

Es necesario entonces redirigir la cuestión hacia otro tipo de hipótesis que, sin entrar en contradicción con los tres puntos anteriormente señalados, permitan añadir otros elementos de análisis al tema.

Quizás, y sólo quizás, una parte del problema planteado se deba a una comprensión equivocada de lo que significa *hacer* educación para la salud. Veámoslo.

En su sentido más tradicional, la educación para la salud consiste en un conjunto de *contenidos* (información) que determinados *expertos explican* a audiencias interesadas (o no).

Esta visión, que se intenta representar gráficamente en la *Figura 1*, y que todavía hoy es dominante en el sistema conceptual y de actuación de un buen número de profesionales de la educación y de la sanidad, contiene errores fundamentales que colabo-

ran sobremanera en impedir un mayor desarrollo de la educación para la salud en la escuela.

En primer lugar, la educación para la salud es bastante más que un simple conjunto de contenidos informativos. Tiene que ver principalmente con el desarrollo de actitudes y de habilidades, incidiendo en mayor medida sobre los comportamientos (individuales y colectivos) que no sobre los conocimientos. Al insistir sobre estos últimos nos olvidamos a menudo de algo que podría tener características de axioma: *la información es una condición necesaria pero no suficiente*, o lo que es lo mismo, sólo con información las personas no cambian sus actitudes ni sus comportamientos. Aunque la información pueda contribuir a ello, no es decisiva (lamentablemente, pues ello facilitaría bastante las cosas).

En segundo lugar, el fundamentar las intervenciones sobre los contenidos obliga a disponer de *expertos* que dominen el tema. El profesorado, en términos generales, no se siente entonces competente en materias sobre las que en su proceso de aprendizaje profesional no ha recibido formación, y solicita la colaboración de otros profesionales externos al sistema educativo que se supone que sí la han recibido. Existe una visión en este caso de los contenidos de salud como temas "médicos o sanitarios", con lo cual cierta parte del profesorado se desinteresa o se desvincula de los mismos. (Lamentablemente también, los expertos que suelen dominar los contenidos, no disponen generalmente de conocimientos ni experiencia en procesos y metodología educativa, con lo cual algunas intervenciones absolutamente bien intencionadas fracasan, generando un cierto grado de frustración).

En tercer lugar, la interpretación generalizada de la palabra *explicar* deriva en sesiones excesivamente académicas, en las que los alumnos sólo pueden optar por escuchar y preguntar (o en mantener el cuerpo en clase y la cabeza en los cerros de Úbeda, en una especie de viaje astral de supervivencia ante el tedio). Es muy importante incidir en este punto, ya que la salud sólo se "aprende" si se "vive", y por ello, en educación para la salud en la escuela, la participación del alumnado cumple un doble papel, ya que es objetivo y medio a la vez: medio para conseguir unos determinados objetivos, y objetivo en sí misma, ya que sin



participación ni implicación, la educación para la salud fracasa.

En base a los argumentos anteriores, la educación para la salud en la escuela adquiere (debe adquirir) una dimensión muy distinta de la tradicional, y derivar hacia lo que se ha intentado representar en la *Figura 2*, es decir, hacia una educación para la salud que entiende que su marco metodológico y conceptual es el marco educativo en sí, siendo el tema salud (o sexualidad, o alimentación, o...) una concreción, a veces circunstancial, de algo más global. Y precisamente es en este marco donde se producen continuas interrelaciones y superposiciones entre los contenidos y los objetivos de salud y el resto de contenidos y objetivos educativos. Un ejemplo: cuando intentamos favorecer la autoestima en un grupo de alumnos, estamos cumpliendo con un objetivo educativo estricto, pero también estamos trabajando sobre un aspecto que podría formar parte, perfectamente, de un programa de educación sexual o de prevención de las drogodependencias, ya que la mejora del grado de autoestima formaría parte también de estos programas.

Lo mismo podríamos decir de cuando intentamos mejorar la capacidad de relación interpersonal de nuestros alumnos, o ayudarles en el desarrollo de su capacidad para analizar situaciones y tomar decisiones. En este sentido, la educación para la salud no sólo tiene que ver con *lo que se hace*, sino también en *como se piensa sobre lo que se hace*, o lo que es lo mismo: a menudo se hace educación para la salud, incluso sin saberlo, un poco como le pasó al médico de una obra de Molière que un buen día descubre que aquello que ha estado escribiendo durante tantos años se llamaba prosa.

Es entonces cuando argumentos como la falta de preparación, la sobrecarga de los programas educativos, u otros, si bien siguen siendo ciertos, pierden gran parte de su peso, ya que en última instancia el profesorado sí dispone de la preparación pedagógica suficiente, en términos generales, como para hacer frente a un gran número de situaciones cotidianas.

